

Axuda ós damnificados polo terremoto de Haití

O terremoto de Haití do pasado día 12 de xaneiro deixou o apocalíptico rastro de destrución, dolor e morte que todos coñecemos. Os danos son de tal consideración que nin a solidariedade masiva de todos os países que se está producindo vai ser capaz de palialos. Pero unha catástrofe así non pode deixar indiferente a ninguén.

Este Concello anima a todos os veciños a colaborar na medida dos seus posibles para axudar ás vítimas da catástrofe a traveso de calquera das moitas organizacións non gobernamentais que recollen fondos para envialos á zona afectada.

O Concello de Brión é socio fundador do **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, que garantiza a entrega directa e rápida das axudas que recibe. Por esa canle, o Concello vai entregar unha axuda a conta dos fondos municipais.

Os veciños e veciñas que queiran canalizar as súas axudas aos damnificados do terremoto de Haití a traveso do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade poden ingresalas na seguinte conta de Caixa Galicia, facendo constar que se destina a **"EMERXENCIA HAITÍ"**

2091-0209-10-3040019000

Brión, 18 de xaneiro de 2010.
O ALCALDE,

José Luís García García

